

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A EMPRESARIOS PARA O FOMENTO DA ROTULACIÓN PERMANENTE DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2010.

1.- OBXECTO.

A **Concellaría de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude**, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública esta convocatoria co obxecto de regular, para o exercicio do ano 2010, a concesión de subvencións destinadas a fomentar a rotulación permanente en lingua galega de establecementos comerciais situados na praza de Abastos do Concello de Muros, de xeito que se incremente o uso social da lingua galega no ámbito económico e mercantil.

O procedemento para a concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrancia, segundo o establecido polo art. 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o art. 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta actividade deberá terse desenvolvido desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

2.-CLASE DE AXUDA.

As axudas que se outorguen en aplicación destas bases terán unha contía de ata o 50% do importe do gasto efectivamente realizado e xustificado, ata un máximo de 300,00 euros.

3.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar a subvención regulada as persoas físicas e xurídicas legalmente constituídas titulares de concesións de postos de venda na Praza de Abastos do Concello de Muros e que leven a cabo a rotulación permanente dos mesmo en lingua galega.

4.-ORZAMENTO.

O orzamento para as axudas convocadas mediante as presentes bases ascende ao importe de 3.300,00 euros, que se imputará á partida 334.48900 correspondente ao subvencións para actividades culturais, neste caso de promoción da lingua galega.

5.- ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.

Terán a consideración de subvencionable a rotulación permanente exterior en lingua galega dos postos de venda existentes na praza de Abastos do Concello de Muros.

6.- SOLICITUDES.

6.1.- Presentación de solicitudes:

A solicitude deberase presentar no impreso incluído nas presentes bases, que estará a disposición na Casa de Cultura ou na páxina web www.muros.es. A súa presentación realizarase no rexistro xeral do concello ou na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- 1.- Copia compulsada do NIF do solicitante persoa física ou do CIF, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.
- 2.- Copia compulsada do NIF do representante da persoa xurídica solicitante e documentación acreditativa da representación.
- 3.- Certificación orixinal na que consten os datos bancarios completos, selado e asinado pola entidade financeira.
- 4.- Orzamento de colocación da nova rotulación.
- 5.- Texto en galego que se pretende imprimir debidamente corrixido por un especialista en lingua galega, que terán ao seu dispor.

6.1.- Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao de publicación da convocatoria das axudas reguladas nestas bases no taboleiro de edictos do concello.

7.-PROCEDEMENTO.

7.1.- Correspóndelle á Concellería de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, a través do Servizo de Normalización Lingüística, a instrución do procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, podendo realizar de oficio cantas actuacións estime procedentes para ese fin.

7.2.- A comisión de avaliación das solicitudes estará conformada polos seguintes membros:

- a) Presidente: O alcalde;
- b) Vogais: dous empregados públicos do Departamento de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude;
- c) Secretario (con voz pero sen voto): un funcionario da Corporación.

7.3.- Á vista do informe da comisión avaliadora, o órgano instructor, consonte ao disposto no art. 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, elaborará unha proposta de concesión provisional de axudas que se fará pública mediante anuncio colocado no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro da Casa da Cultura, a fin de que os interesados poidan alegar o que estimen conveniente no prazo de dez días hábiles.

Transcorrido o prazo de alegacións, o órgano instructor formulará proposta definitiva de outorgamento das axudas.

7.4.- O órgano competente para o outorgamento das axudas é a Xunta de Goberno Local do Concello de Muros.

7.5.- A resolución de concesión das axudas notificárase individualmente aos interesados, sen prexuízo da súa publicación polo concello.

8.- XUSTIFICACIÓN.

8.1.- Os beneficiarios da subvención deberán xustificar o cumprimento do obxecto da subvención antes do 1 de novembro de 2010, para o que deberán achegar a seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou copia compulsada das mesmas xustificativas dos gastos realizados.
- Xustificante do aboamento das facturas: xustificante de transferencia bancaria, certificado bancario de aboamento da factura ou recibo asinado polo provedor.

- Fotografía acreditativa da colocación do rótulo comercial en galego.

8.2.- Unha vez presentada a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención, procederase ao pagamento da outorgada mediante transferencia bancaria á conta designada polo beneficiario.

9.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

9.1.- Os beneficiarios están obrigados a destinar as axudas concedidas ao abeiro destas bases á finalidade para a que lle foron outorgadas. Así mesmo, deberán comunicar á Concellería de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude o outorgamento de calquera outras axudas para o mesmo fin que o regulado nestas bases. Así mesmo, obríganse a facilitar á Concellería de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude toda información lles sexa requirida en relación coas axudas outorgadas.

9.2.- Os beneficiarios destas axudas quedarán suxeitos ao cumprimento das obrigas previstas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no art. 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.- RECURSOS.

Os actos ditados para a resolución do procedemento poñen fin á vía administrativa e contra eles os interesados poderán, no prazo de dous meses desde o seguinte ao de recepción da notificación, interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou, potestativamente, interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes desde o seguinte ao de recepción da notificación, perante a Xunta de Goberno Local.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A ROTULACIÓN PERMANENTE EN LINGUA GALEGA	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO	CORREO-E	FAX

DATOS DO REPRESENTANTE (NO CASO DE SER PERSOA XURÍDICA)

REPRESENTANTE (QUEN ASINA A SOLCITUDE)		NIF
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO	CORREO-E	FAX

ORZAMENTO DO PROXECTO

CONCEPTO	CUSTO	CONTRIBUCIÓN PROPIA	SOLICITADO
ROTULACIÓN PERMANENTE EXTERIOR EN LINGUA GALEGA			
TOTAIS			

Sinatura e data de presentación da solicitude

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

En Muros, a de de 2010.